


Taboada Varela: "Unha escola de arte debe implica-los seus alumnos"

Convencido de que fronte ó conformismo, "unha escola de arte debe ser provocadora, rompedora e implica-los seus alumnos nesa dinámica", o director da Escola de Arte 'Antonio Failde', César Taboada Varela, destaca o gran traballo que neste sentido realizan os vinte profesores do centro ourensán. A escola, situada nun novo edificio desde este curso, conta con 309 alumnos, ós que se lles imparten seis especialidades diferentes.

Na Escola de Arte Antonio Failde, que viu ampliadas as súas instalacións a principios deste curso co cambio de sede á

rúa Universidade, en Ourense, cursan os seus estudos na actualidade un total de 309 alumnos, procedentes de diferentes puntos de Galicia, Castela e León e Asturias.

Distribuídos en clases de non máis de trinta estudantes por aula no caso das materias teóricas, e de quince no das prácticas, os alumnos deste centro ourensán repártense entre os cursos de Fotografía Artística, Gráfica Publicitaria, Ilustración, Deseño Gráfico, Proxectos de Decoración e Ebanistería Artística. Unha oferta que, segundo lle sinala a este periódico o director da escola, César Taboada Varela, "esperamos ampliar no futuro e, de feito, xa estamos realizando estudos sobre a posible aceptación que pode ter o curso de Ebanistería Artística". Así mesmo, están contem-



Taboada Varela, na entrada da Escola de Arte 'Antonio Failde'

plando a posibilidade de ofrecer unha especialidade en materia de audiovisuais.

Respecto das caracte-

rísticas peculiares deste tipo de centros, César Taboada Varela recorda que "a escola de arte é a última en crearse, nace neste mesmo

século e, ó ser tan recente, desaparecen os problemas das antigas formacións de oficios en sentido tradicional".

Neste sentido, reconece que "non sei se é bo ou malo, pero é unha escola máis técnica, está enfocada á aplicación da arte ó mundo real, ó ámbito empresarial".

De aí que subliña que "estas escolas son o punto de partida para a formación de xente nova que ten unhas inquietudes artísticas, pero que tamén necesita uns bos presupostos de partida para a súa saída ó mercado laboral".

Non en van, sinala que "os conceptos en publicidade e imaxe son cada vez máis esixentes, búscase aproxima-la arte contemporánea ó conxunto da sociedade, e para iso cómpre enfoca-las técnicas e os argumentos de que se dis-

pón cara ó mundo empresarial, ó ámbito do marketing".

Equipo homoxéneo

En canto ó apartado docente, César Taboada Varela destaca que "os vinte profesores do centro forman un conxunto homoxéneo, un equipo novo e moi activo, sen o que non seríamos nada. É xente que está moi motivada e que fai que a actividade que se desenvolve na escola sexa moi prazenteira e frenética".


Cualidades todas elas que, na súa opinión, deben defini-la actividade que se desenvolve nunha escola de arte, posto que subliña que "fronte ó conformismo, estas escolas deben ser provocadoras, rompedoras, e implica-los seus alumnos nesa dinámica".

SANTIAGO
Koro Martínez

Tres novos artistas expoñen en Caixa Galicia

Tres novos artistas galegos, bolseiros da Fundación Caixa Galicia, Almudena Fernández Fariña, Elena Prado e Pablo Orza amosan dende onte na sala da fundación na Coruña unha selección dos traballos realizados durante o tempo no que estiveron gozando da bolsa en centros superiores do estranxeiro.

O presidente da Fundación, José Ramón Docal Labaén, destacou o feito como "un apoio á nova creatividade que se inscribe dentro dunha das liñas que define a esta institución: a obriga coa sociedade, a creación, os novos artistas e a cultura que están cotruindo



Dous dos bolseiros amosan a súa obra na mostra da Coruña

para o novo século", e expresou "o apoio da Fundación Caixa Galicia ós seus primeiros bolseiros de artes plásticas brindándolle-las oportunidades de poder darlle a coñecer ó público o labor máis novidoso da súa creación realizada baixo o seu mecenado".

Almudena Fernández Fariña, unha viguesa licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo no seu campus de Pontevedra; despois de face-lo doutoramento en Salamanca recibiu a bolsa para completar os estudos superiores da *Ecole de Beaux Arts* de Le Mans, en Francia.

Comezou a expoñer en

1966 e dende entón fixo varias mostras individuais, sendo tamén seleccionada para colectivas como Galicia Terra Única e o Premio L'Oreal. Segundo o crítico Juan de Nieves "os seus cadros supoñen unha nova vía na construción da pintura e unha contribución á redefinición dese caixón de xastre especialmente vencellado a ela que é a abstracción".

Elena Prado, tamén viguesa, licenciouse na Facultade de Belas Artes de Salamanca e gozou da súa bolsa na *Academia de Postgrado Jan van Eyck* de Maastricht (Holanda).

Entre as exposicións nas

que participou destaca *Arte inexistente* de mulleres pintoras, celebrada no Auditorio de Galicia en Compostela.

A súa forma expresiva repártese entre a escultura e a fotografía, que presenta en imaxes seriadas que levan a pensar en secuencias cinematográficas.

Pablo Orza naceu en Zamora, estudou en Salamanca e reside actualmente en Galicia.

Solicitou a súa bolsa para completar estudos no *Art Center International* de Florencia (Italia).


A CORUÑA
E. Álvarez

Os peregrinos de Ajmer invaden Compostela

O Museo das Peregrinacións de Compostela exhibe desde onte a exposición *Ajmer, peregrinos do sufismo*, englobada dentro do ciclo *Peregrinacións no mundo*. A finalidade do proxecto non é outra que dar a coñecer a diversidade que o fenómeno das peregrinacións reviste noutras relixións e culturas do mundo. *Ajmer, peregrinos do sufismo* amosa o traballo que o fotógrafo Ignacio Castellano, realizou en Ajmer (India). O autor pretende mostra-la masiva peregrinación musulmana que reúne máis de 150.000 fieis para conmemorar-lo aniversario da morte do precursor do Islam na India, Khwaja Moinudin Chisti (1139-1236). *Peregrinacións no mundo* inclúe ca-

tro mostras fotográficas que teñen como fin dar a coñecer outros sentimentos espirituais da cultura *Camiño de Kumano*. A *nat treza divinizada* será a próxima mostra fotográfica e que pretende acercar ó público ó berce do espírito xaponés a través desta ruta, antiga vía de peregrinacións que se remonta ó século VIII. Ademais, terá lugar a presentación da *Peregrinación a Kumbha Mela: Pasos cara á inmortalidade*, sobre o hinduísmo, do fotógrafo israelí Shimon Lev e *Peregrinaxe no mundo xudeu*, con fotografías de dous dos máis prestixiosos fotógrafos de Israel, cerra este ciclo dedicado ás peregrinacións

SANTIAGO
Redacción



Ajmer, unhas das instantáneas recollidas na mostra de Nacho Castellano

Detido o historiador australiano Toben por xenófobo

O controvertido historiador australianos Frederick Toben foi detido onte na cidade alemá de Mannheim baixo sospeita de xenofobia.

A fiscalía de Mannheim non confirmou a identidade do detido, e dixo só que se trataba dun australianos de 54 anos, director dun instituto en Adelaide.

Acúsase o historiador de difundir ideas antisemitas e nacionalsocialistas a través dunha revista propia e pola rede de Internet. Entre outras cousas, Toben rechaza o feito do asasinato de millóns de xudeus e nos campos de concentración polos nazis.